



ACTA DA PROBA DE COÑECEMENTOS

Proceso selectivo: creación de lista de agarda auxiliares de Policía Local do Concello de Rianxo 2017

No Auditorio Municipal de Rianxo, ás 10.00 horas do día 9 de xuño de 2017 reúñese o tribunal cualificador que avaliará as probas selectivas para a creación dunha lista de agarda de auxiliares de Policía local segundo as bases aprobadas pola Resolución da Alcaldía núm. 423/2017 do 15/05/2017 e tribunal aprobado por resolución da Alcaldía núm. 487/2017 de 05/06/2017 coa seguinte composición:

- Presidente: D. Antonio Tubío Piñeiro, Xefe da Policía Local de Rianxo
- Vogal: D. José Gey Pérez , Policía Local de Rianxo
- Vogal: D. Rafael Romero del Rey, Policía Local de Rianxo
- Vogal: D. Juan Antonio González Sampedro, Policía Local de Riveira
- Secretario: D. Ramón Raul Frieiro Romero, Policía Local de Rianxo

O presidente constitúe o tribunal e da conta dos antecedentes do proceso:

Primeiro: O día 17/05/2017 o Concello de Rianxo publicou na prensa o anuncio para a creación dunha bolsa de contratación de auxiliares de Policía Local, para cubrir renuncias e baixas durante os meses de xullo, agosto e setembro, no que se establecía que o prazo de presentación de solicitudes era de cinco días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación, segundo o recollido no punto 4 das bases que rexen o dito proceso selectivo; así, o día 24/05/2017 rematou o prazo de presentación de instancias.

Unha vez comprobadas todas as solicitudes presentadas segundo o establecido nas bases aprobadas pola Resolución da Alcaldía núm. 423/2017 do 15/05/2017, publicouse a listaxe provisional de admitidos e excluídos na Resolución da Alcaldía núm. 458/2017 do 26/05/2017.

Rematado o prazo de reclamacións de dous días hábiles, procédese a publicar a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas e a data hora e lugar de celebración das probas.

Con data 7 de xuño de 2017 realiza a primeira proba sendo convocados para a realización da proba de coñecementos os aspirantes que superaron a mesma.

Unha vez acceden ó recinto as persoas aspirantes, comeza o chamamento presentándose os seguintes aspirantes.

Nº	Apelidos e nome	PRESENTADO
1	CHOREN GARCÍA, ADRIÁN	SI
2	RODRÍGUEZ REGUEIRO, ADRIÁN	SI
3	SAMPEDRO VIDAL, OSCAR JOSÉ	SI
4	SANTAMARÍA ALONSO, ÁNGELA	SI





A continuación indícaselle como se vai desenvolver a proba. De seguido procédese á comprobación de identidade e colocación na sala pola orde indicada na listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas e declarados aptos na primeira proba.

Explícaselle ós aspirantes que a proba de coñecementos consiste na contestación por escrito dun cuestionario de 50 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal. Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo dunha hora para a súa realización. Asemade o cuestionario contén cinco preguntas de reserva.

A proba cualificarse polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado/a. A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula: $N = (A - F/3)/5$, sendo N= nota final da proba; A= preguntas acertadas; F= preguntas erradas ou non respondidas.

Iniciase a proba ás 10.04 horas.

Remata a proba ás 11.04 horas co seguinte resultado:

Finalizada a proba procédes á corrección dos cuestionarios segundo a fórmula antedita

Núm.	Apelidos e nome	nota
1	CHOREN GARCÍA, ADRIÁN	7,6
2	RODRÍGUEZ REGUEIRO, ADRIÁN	6,8
3	SAMPEDRO VIDAL, OSCAR JOSÉ	7,3
4	SANTAMARÍA ALONSO, ÁNGELA	3,06

O tribunal acorda convocar a terceira proba (coñecemento do termo municipal e toponimia local) para o luns día 12/06/2017 ás 11 horas no auditorio municipal de Rianxo sito na rúa A. Frieiro e A. Romero, na que se avaliará os coñecementos dos aspirantes mediante unha proba escrita para determinar o seu nivel de coñecemento sobre as características propias do Concello e a toponimia local.

Non habendo mais asuntos que tratar a presidencia remata a sesión ás 11.30 horas do día 9 de xuño de 2017, do que como secretario se extende a presente acta que será subscrita polos membros do tribunal e se publicará no taboleiro de anuncios do Concello, no sitio web e na sede electrónica municipal.

